







* A distancia que nos separa do sol é tan grande que consideramos que os raios de luz son paralelos cando chegan á superficie terrestre (*proxección cilíndrica*). Con todo, se o foco de luz está preto dos obxectos, a proxección dos raios de luz é cónica xa que todos teñen unha orixe común.




* Para definir o volume é moi importante a relación que existe entre a luz e a sombra. De feito, cando decimos que un obxecto está "*plano*", queremos indicar que carece de relieves ou que é o mesmo, que non presenta as diferencias luz-sombra que permiten definir o seu "*volume*".



* A *dirección* e a *intensidade* con que a luz incide sobre os corpos convértese nuns elementos determinantes para que o espectador os perciba de xeito diferente. Cómpre coidar moito este aspecto nunha composición xa que del depende en grande medida como vai ser a imaxe que transmitamos.



* Nesta esfera podemos diferenciar con claridade os diferentes efectos da luz cando incide sobre un obxecto.



* A correcta relación luz-sombra é imprescindible para plasmar de forma naturista todo aquilo que nos rodea. Na representación da figura humana tamén se da a distinción entre *sombra propia* e *desprendida*; e zonas de *máxima luz*, *luz reflexada* e *penumbra*. Máis como son formas moi complexas, danse múltiples casos de cada unha, o que complica bastante a súa análise.

* Cando se emprega un foco posterior, os personaxes situados entre a luz e o espectador perden os detalles acentuándose o seu contorno. Dótase así á escena de *intimidade* e *dramatismo*. Observa como o cerebro é capaz de comprender a forma só pola información que lle transmite a silueta.



* Cando a luz incide "de abaixo para arriba" sobre as faces das persoas, éstas tórnanse *pantasmagóricas*. Este tipo de iluminación transmite *inquietude* e falsea a percepción das formas.





HUMPHREY BOGART.

* O dramatismo que permite a utilización da fotografía en branco e negro foi empregado preferentemente por reporteiros de guerra para transmitir toda a traxedia que se agacha atrás de cada imaxe.


* Medios de expresión visual como o cinema comezaron a súa andadura cun tipo de material que só podía representar a realidade por medio de branco, negro e un número abondo de tons de grises. Durante moitos anos e ata a aparición da "cor" no cinema, foi tal o dominio dos efectos da luz e da sombra por parte de equipos e directores que podemos dicir que o cinema en branco e negro está dotado de personalidade propia.



ROBERT CAPPA. Barcelona. 1939.

ESCALA DE GRISES

* A escala de grises ou transición do branco ó negro a través de tons de grises pode ser mínima. Bastaría un tón de gris entre ámbolos dous extremos, aínda que tamén podería ser infinita se non fora porque cada persoa só pode distinguir un número máximo de tons de gris en escaleira ordenada. Máis exercitando a vista, os grises poden ampliarse significativamente. Os pintores acostuman ser capaces de apreciar no que ven un número de matices e tons moi superior ó dos máis. Que existan poucos o moitos tons de grises entre a luz e a sombra coñécese como "contraste". É alto se hai poucos tons e baixo se hai moitos.





* Os raios luminosos chegan directamente e rebotan nos obxectos antes de penetrar no noso ollo. Só cando atravesan a retina e non antes, transfórmanse en impulsos eléctricos que ó chegar ó noso cerebro convertesen en imaxes. Así pois, o fenómeno da percepción e o da luz van unidos.

* Cando queiras analizar a luz que incide sobre un obxecto ou valorar unha escala de grises ou unha escena, pecha os ollos ata que quede só unha ranura, verás que percibes moito mellor os diferentes tonos intermedios. Isto prodúcese porque, ó ter os ollos abertos, entra máis luz e a pupila encollese apreciando só contrastes extremos. Cando os “entrepechamos”, a pupila dilátase porque entra menos luz ó interior e percibe unha gama máis ampla de tonos.

* Hai moitos animais que só poden “ver” en branco e negro. De feito, os toros non perciben as cores e a súa atención céntrase no movemento, non na cor vermella da muleta e o capote. Estes animais carecen das células especiais que tapizan o interior do noso ollo e que interpretan as radiacións cromáticas.

47

Vocabulario

* **LUZ** _____

Axente físico que fai visibles os obxectos.

* **FOCO** _____

Punto do que proceden os raios luminosos.

* **PENUMBRA** _____

Zona de sombra feble e indeterminada entre a luz e a obscuridade.

* **SOMBRA** _____

Cor obscura co que se representa a ausencia de luz.